

EXPOSICIÓNS ORAIS

Ide realizar unha exposición oral na aula que debe ser adecuada para o contexto en que se vai desenvolver. Os requisitos para este traballo son os seguintes:

- A duración da exposición pode oscilar entre os 3 e os 5 minutos (non pode durar máis de 5 min.).
- Tes que acompañar o teu discurso oral dunha presentación sinxela en Power Point, LibreOffice Impress, etc, esta pode conter imaxes ilustrativas daquilo do que vas falar e palabras clave que che permitan non perderte na túa exposición. Non se trata de ler!
- Debes procurar empregar o galego da maneira máis correcta posible.
- A túa exposición debe conter 3 partes:
 - Introducción: nela informarasnos de que vas falar, a través dun pequeno índice, e o motivo polo que decidiches escoller ese tema.
 - Desenvolvemento: irás tocando todos aqueles aspectos que queres tratar sobre o tema escollido.
 - Conclusión: farás unha pequena reflexión final sobre o que contaches e agradeceraslle ao auditorio a súa atención.
- A información que trates debe estar extraída de distintas fontes bibliográficas, polo que estas deben aparecer ao final da exposición (recollidas no Power Point).

